

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 10751** *Real decreto lei 5/2018, do 27 de xullo, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos.*

I

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), é plenamente aplicable en España desde o pasado 25 de maio.

O Regulamento xeral de protección de datos supón unha profunda modificación do réxime vixente en materia de protección de datos persoais, non soamente desde o punto de vista substantivo e de cumprimento polos suxeitos obrigados, senón particularmente no que atinxe á actividade de supervisión por parte das autoridades de control que aquel regula.

Ademais, a plena aplicación do Regulamento xeral de protección de datos implica que se deban considerar desprazadas por el aquelas disposicións de dereito interno que non resulten conformes co réxime que este regulamento establece. Así sucedería con moitos dos preceptos da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Por outra parte, numerosos preceptos do Regulamento europeo remítense ao seu desenvolvemento, obrigatorio ou potestativo, polos Estados membros, cun total de cincuenta e seis remisións aos ordenamentos nacionais. De entre estas remisións, o Regulamento impón aos Estados membros, entre outras cuestións, a regulación do estatuto das autoridades de control, a determinación do réxime aplicable aos inspectores dun terceiro Estado que leven a cabo actividades conxuntas de investigación ou a designación da autoridade que representará o Estado membro no Comité Europeo de Protección de Datos.

Outras disposicións do Regulamento xeral de protección de datos exixen unha adecuación do dereito interno, mesmo que non exista unha remisión directa e expresa a el. Así, ben que o Regulamento europeo establece un réxime sancionador en que se tipifican as condutas típicas, non regula cuestións tan esenciais como os prazos de prescrición desas infraccións, ao considerar que esta cuestión corresponde ao ordenamento dos Estados membros. Do mesmo modo, establece un procedemento de cooperación entre os Estados membros nos supostos de tratamentos denominados transfronteirizos, coa participación de todas as autoridades implicadas, pero non regula o modo en que o dereito interno dos Estados se deberá ver afectado como consecuencia dos trámites previstos na propia norma europea para estes procedementos.

A necesidade de adaptar o marco normativo interno ao Regulamento xeral de protección de datos supuxo a aprobación polo Consello de Ministros, na súa sesión do 10 de novembro de 2017, dun proxecto de lei orgánica, remitido ás Cortes Xerais, que actualmente se encontra en tramitación parlamentaria.

Tendo en conta o anterior, e sen prexuízo de que os aspectos que configuran o contido esencial do dereito fundamental á protección de datos de carácter persoal se deban incorporar a unha lei orgánica, non é menos certo que en determinadas cuestións que non son obxecto de reserva de lei orgánica resulta imprescindible a adopción urxente dunha norma con rango de lei que permita a adaptación do dereito español ao Regulamento xeral de protección de datos. Noutras palabras, o obxecto deste real decreto lei limitase á

adecuación de noso ordenamento ao Regulamento europeo naqueles aspectos concretos que, sen rango orgánico, non admiten demora e débese entender sen prexuízo da necesidade dunha lexislación orgánica de protección de datos que procure a plena adaptación da normativa interna aos estándares fixados na materia pola Unión Europea a través dunha disposición directamente aplicable.

## II

O real decreto lei comprende catorce artigos estruturados en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e unha derradeira. O seu contido afecta unicamente cuestións cuxa inmediata incorporación ao dereito interno resulta imprescindible para a adecuada aplicación en España do Regulamento xeral de protección de datos e que non están excluídas do ámbito do lexislador de urxencia polo artigo 86 da Constitución española.

O capítulo I atende á necesidade de identificar o persoal competente para o exercicio dos poderes de investigación que o Regulamento xeral de protección de datos outorga no seu artigo 58.1 ás autoridades de control. Isto exige que o dereito interno regule o modo en que se poderán exercer eses poderes, que persoas exercerán a actividade de investigación e inspección e en que consistirán esas atribucións expresamente establecidas no Regulamento europeo desde o punto de vista do ordenamento español. Así mesmo, e en aplicación do artigo 62.3 do Regulamento xeral de protección de datos, cómpre determinar o réxime aplicable ao persoal das autoridades de supervisión doutros Estados membros que participen en actuacións conxuntas de investigación.

O capítulo II articula o innovador réxime sancionador establecido no Regulamento xeral de protección de datos, substituíndo os tipos infractores actualmente contidos na Lei orgánica 15/1999 pola remisión aos que están establecidos nos números 4, 5 e 6 do artigo 83 do citado regulamento, o que resulta totalmente necesario. Ademais, existen dúas cuestións sobre as cales é ineludible que o dereito interno adopte disposicións que garantan a efectividade deste réxime sancionador e a seguranza xurídica na súa aplicación. A primeira refírese á necesaria delimitación dos suxeitos que poderían incurrir na responsabilidade derivada da aplicación dese réxime sancionador. A segunda reviste aínda maior importancia e refírese á necesidade de determinar os prazos de prescrición das infraccións e sancións previstas na norma europea.

O capítulo III contén a regulación do procedemento en caso de que exista unha posible vulneración do Regulamento xeral de protección de datos. Neste punto, é preciso ter en conta que o Regulamento distingue na práctica tres tipos de tratamentos a que aplicaríase distintas normas procedementais: os tratamentos transfronteirizos, definidos polo artigo 4.23 do Regulamento xeral de protección de datos, os transfronteirizos con relevancia local nun Estado membro, a que se refire o seu artigo 56, e aqueles que terían a condición de exclusivamente nacionais, entre os cales figuran, en todo caso, os previstos no artigo 55 da norma europea. O Regulamento europeo prevé unha serie de trámites específicos para os dous primeiros supostos, entre os cales se encontran os necesarios para determinar a competencia da autoridade de control principal, así como os que permiten a adopción dunha decisión consensuada entre as autoridades principal e interesadas no procedemento. Nestes casos, a regulación europea establece a obrigaçión de que a autoridade principal someta os distintos proxectos de decisión ás restantes autoridades, que disporán de prazos taxados para emitiren «observacións pertinentes motivadas», e prevé o sometemento da resolución ao Comité Europeo de Protección de Datos en caso de non se alcanzar un acordo entre todas elas.

Estas previsións débense trasladar a normas que regulen o procedemento en caso de se presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, así como nos supostos en que, sen ter recibido reclamación, teña a condición de autoridade principal respecto da reclamación recibida noutro Estado membro ou considere que debe intervir como interesada nun procedemento xa aberto.

Todo isto impón a necesidade de incorporar ao procedemento fases específicas como a admisión a trámite das reclamacións ou a posibilidade de arquivamento provisorio do

expediente nos supostos en que a Axencia Española de Protección de Datos non tramite a reclamación pero poida ter que resolver sobre ela. En particular, é indispensable incluír nas normas de procedemento a súa suspensión nos supostos en que proceda pedir o parecer das autoridades doutros Estados membros durante todo o tempo previsto para a súa obtención, dado que, en caso contrario, existe unha probabilidade moi alta de caducidade dos procedementos, coas consecuencias negativas que isto carreta non só para a aplicabilidade en España das normas de protección de datos senón para a garantía do dereito fundamental dos cidadáns europeos no seu conxunto naqueles casos en que a Axencia Española de Protección de Datos teña a condición de autoridade de control principal.

En definitiva, este último capítulo ten como obxectivo facer posible a aplicación das especialidades do réxime procedemental do Regulamento xeral de protección de datos, nun contexto en que, sendo a norma europea directamente aplicable, xa se puxeron en marcha procedementos de especial transcendencia ao abeiro deste réxime.

Por último, en cumprimento do artigo 68.4 do Regulamento xeral de protección de datos, a disposición adicional primeira designa como representante de España no Comité Europeo a Axencia Española de Protección de Datos, que informará as autoridades autonómicas acerca das decisións adoptadas no citado organismo da Unión e pedirá o seu parecer cando se trate de materias da súa competencia. Pola súa parte, a disposición adicional segunda contén previsións no relativo á publicidade das resolucións da Axencia Española de Protección de Datos, a fin de garantir a transparencia da súa actuación, ante o novo marco procedemental configurado polo Regulamento xeral de protección de datos.

En consecuencia, á vista dos feitos descritos, a extraordinaria e urxente necesidade deste real decreto lei resulta plenamente xustificada. Dada a plena aplicación do Regulamento xeral de protección de datos desde o 25 de maio de 2018 até a completa adecuación a el do noso ordenamento, que só será posible a través dunha nova lexislación orgánica, é ineludible a adopción dunha disposición con rango de lei que permita a adaptación do dereito español en varias cuestións á normativa da Unión Europea en materia de protección de datos, para garantir de forma efectiva o dereito do artigo 18.4 da Constitución nun marco de seguranza xurídica. En coherencia con isto, a vixencia deste real decreto lei limítase ao período que medie entre o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado* e a entrada en vigor da nova lei orgánica, que se encontra en tramitación parlamentaria.

Ademais, este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

En definitiva, de todo o anterior resulta que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que acorrer a unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Xustiza, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2018,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Inspección en materia de protección de datos

Artigo 1. *Ámbito e persoal competente para o exercicio da actividade de investigación da Axencia Española de Protección de Datos.*

1. A actividade de investigación da Axencia Española de Protección de Datos será efectuada polos funcionarios da Axencia ou por funcionarios alleos a ela habilitados expresamente polo seu director.

2. Nos casos de actuacións conxuntas de investigación conforme o disposto no artigo 62 do Regulamento (UE) 2016/679, o persoal das autoridades de control doutros Estados membros de Unión Europea que colabore coa Axencia exercerá as súas facultades conforme o previsto na normativa española e baixo a orientación e en presenza do persoal desta.

3. Os funcionarios que desenvolvan actividades de investigación terán a consideración de axentes da autoridade no exercicio das súas funcións e estarán obrigados a gardar segredo sobre as informacións que coñezan con ocasión de tal exercicio, mesmo despois de teren cesado nel.

Artigo 2. *Alcance da actividade de investigación.*

Os que desenvolvan a actividade de investigación poderán obter as informacións precisas para o cumprimento das súas funcións, realizar inspeccións, requirir a exhibición ou o envío dos documentos e datos necesarios, examinalos no lugar en que se encontren depositados ou onde se leven a cabo os tratamentos, obter copia deles, inspeccionar os equipamentos físicos e lóxicos e requirir a execución de tratamentos e programas ou procedementos de xestión e soporte do tratamento suxeitos a investigación. Os poderes de investigación no que se refire á entrada en domicilios débense exercer de conformidade coas normas procesuais, en particular, nos casos en que sexa precisa a autorización xudicial previa. Cando se trate de órganos xudiciais ou oficinas xudiciais o exercicio das facultades de inspección efectuarase a través e por mediación do Consello Xeral do Poder Xudicial.

## CAPÍTULO II

### Réxime sancionador en materia de protección de datos

Artigo 3. *Suxeitos responsables.*

1. Están suxeitos ao réxime sancionador establecido no Regulamento (UE) 2016/679 e na normativa española de protección de datos:

- a) Os responsables dos tratamentos.
- b) Os encargados dos tratamentos.
- c) Os representantes dos responsables ou encargados dos tratamentos non establecidos no territorio da Unión Europea.
- d) As entidades de certificación.
- e) As entidades acreditadas de supervisión dos códigos de conduta.

2. Non será de aplicación ao delegado de protección de datos o réxime sancionador nesta materia.

#### Artigo 4. *Infraccións.*

Constitúen infraccións as vulneracións do Regulamento (UE) 2016/679 a que se refiren os números 4, 5 e 6 do seu artigo 83.

#### Artigo 5. *Prescripción das infraccións.*

1. As infraccións previstas nos números 5 e 6 do artigo 83 do Regulamento (UE) 2016/679 prescribirán aos tres anos.

2. As infraccións previstas no artigo 83.4 Regulamento (UE) 2016/679 prescribirán aos dous anos.

3. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e reiniciarase o prazo de prescripción se o expediente sancionador estiver paralizado durante máis de seis meses por causas non imputables ao presunto infractor.

Cando a Axencia Española de Protección de Datos teña a condición de autoridade de control principal e deba seguirse o procedemento previsto no artigo 60 do Regulamento (UE) 2016/679, interromperá a prescripción o coñecemento formal polo interesado do proxecto de acordo de inicio que sexa sometido ás autoridades de control interesadas.

#### Artigo 6. *Prescripción das sancións.*

1. As sancións impostas en aplicación do Regulamento (UE) 2016/679 prescriben nos seguintes prazos:

a) As sancións por importe igual ou inferior a 40.000 euros prescriben no prazo dun ano.

b) As sancións por importe comprendido entre 40.001 e 300.000 euros prescriben aos dous anos.

c) As sancións por un importe superior a 300.000 euros prescriben aos tres anos.

2. O prazo de prescripción das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola cal se impón a sanción ou transcorre o prazo para impugna-la.

3. A prescripción interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se estiver paralizado durante máis de seis meses por causa non imputable ao infractor.

### CAPÍTULO III

#### **Procedementos en caso de posible vulneración da normativa de protección de datos**

#### Artigo 7. *Réxime xurídico.*

1. As disposicións deste capítulo serán de aplicación aos procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos nos supostos en que un afectado reclame que non foi atendida a súa solicitude de exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, así como nos que aquela investigue a existencia dunha posible infracción do disposto no mencionado regulamento e na normativa española de protección de datos.

2. Os procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679, na normativa española de protección de datos e, en canto non as contradigan, con carácter subsidiario, polas normas xerais sobre os procedementos administrativos.

Artigo 8. *Forma de iniciación do procedemento e duración.*

1. Cando o procedemento se refira exclusivamente á falta de atención dunha solicitude de exercicio dos dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, iniciarase por acordo de admisión a trámite, que se adoptará conforme o establecido no artigo seguinte.

Neste caso, o prazo para resolver o procedemento será de seis meses contados desde a data en que fose notificado ao reclamante o acordo de admisión a trámite. Transcorrido ese prazo, o interesado poderá considerar estimada a súa reclamación.

2. Cando o procedemento teña por obxecto a determinación da posible existencia dunha infracción do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 e na normativa española de protección de datos, iniciarase mediante acordo de inicio adoptado por propia iniciativa ou como consecuencia de reclamación.

Se o procedemento se funda nunha reclamación formulada ante a Axencia Española de Protección de Datos, con carácter previo, esta decidirá sobre a súa admisión a trámite, conforme o disposto no artigo seguinte.

Cando foren de aplicación as normas establecidas no artigo 60 do Regulamento (UE) 2016/679, o procedemento iniciarase mediante a adopción do proxecto de acordo de inicio de procedemento sancionador, do cal se dará coñecemento formal ao interesado para os efectos previstos no artigo 5 deste real decreto lei.

Admitida a trámite a reclamación, así como nos supostos en que a Axencia Española de Protección de Datos actúe por propia iniciativa, con carácter previo ao acordo de inicio poderá existir unha fase de actuacións previas de investigación, que se rexerá polo previsto no artigo 11 deste real decreto lei.

O procedemento terá unha duración máxima de nove meses contados desde a data do acordo de inicio ou, se for o caso, do proxecto de acordo de inicio. Transcorrido ese prazo, producirase a súa caducidade e, en consecuencia, o arquivamento de actuacións.

3. O procedemento poderá tamén tramitarse como consecuencia da comunicación á Axencia Española de Protección de Datos, por parte da autoridade de control doutro Estado membro da Unión Europea, da reclamación formulada ante ela, cando a Axencia Española de Protección de Datos teña a condición de autoridade de control principal para a tramitación dun procedemento, conforme o disposto nos artigos 56 e 60 do Regulamento (UE) 2016/679. Será neste caso de aplicación o disposto no número 1 e nos parágrafos primeiro, terceiro, cuarto e quinto do número 2.

4. Os prazos de tramitación establecidos neste artigo, así como os de admisión a trámite regulado polo número 5 do artigo seguinte e de duración das actuacións previas de investigación previsto no artigo 11.2 deste real decreto lei, quedarán automaticamente suspendidos cando se deba pedir información, consulta, solicitude de asistencia ou pronunciamento preceptivo dun órgano ou organismo da Unión Europea ou dunha ou varias autoridades de control dos Estados membros, conforme o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, polo tempo que medie entre a solicitude e a notificación do pronunciamento á Axencia Española de Protección de Datos.

Artigo 9. *Admisión a trámite das reclamacións.*

1. Cando se presente ante a Axencia Española de Protección de datos unha reclamación, esta deberá avaliar a súa admisibilidade a trámite, de conformidade coas previsións deste artigo.

2. A Axencia Española de Protección de Datos non admitirá as reclamacións presentadas cando non versen sobre cuestións de protección de datos de carácter persoal, carezan manifestamente de fundamento, sexan abusivas ou non acheguen indicios racionais da existencia dunha infracción.

3. Igualmente, a Axencia Española de Protección de Datos poderá non admitir a reclamación cando o responsable ou encargado do tratamento, logo de advertencia formulada pola Axencia, adoptase as medidas correctivas encamiñadas a pór fin ao posible



incumprimento da lexislación de protección de datos e concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que non se causase prexuízo ao afectado.
- b) Que o dereito do afectado quede plenamente garantido mediante a aplicación das medidas.

4. Antes de resolver sobre a admisión a trámite da reclamación, a Axencia Española de Protección de Datos poderá remitila ao delegado de protección de datos que, se for o caso, designase o responsable ou encargado do tratamento ou ao organismo de supervisión establecido para a aplicación dos códigos de conduta, a fin de que dean resposta á reclamación no prazo dun mes.

A Axencia Española de Protección de Datos poderá igualmente remitir a reclamación ao responsable ou encargado do tratamento cando non se designase un delegado de protección de datos nin estiver adherido a mecanismos de resolución extraxudicial de conflitos, caso en que o responsable ou encargado deberá dar resposta á reclamación tamén no prazo dun mes.

5. A decisión sobre a admisión ou inadmisión a trámite, así como a que determine, se for o caso, a remisión da reclamación á autoridade de control principal que se considere competente, deberá notificarse ao reclamante no prazo de tres meses. Se, transcorrido este prazo, non se producir a notificación, entenderase que prosegue a tramitación da reclamación, conforme o disposto neste capítulo, a partir da data en que se cumprisen tres meses desde que a reclamación tivo entrada na Axencia Española de Protección de Datos.

#### Artigo 10. *Determinación do alcance territorial.*

1. Salvo nos supostos a que se refire o artigo 8.3 deste real decreto lei, a Axencia Española de Protección de Datos deberá, con carácter previo á realización de calquera outra actuación, incluída a admisión a trámite dunha reclamación ou o comezo de actuacións previas de investigación, examinar a súa competencia e determinar o carácter nacional ou transfronteirizo, en calquera das súas modalidades, do procedemento que se deba seguir.

2. Se a Axencia considera que non ten a condición de autoridade de control principal para a tramitación do procedemento remitirá, sen máis trámite, a reclamación formulada á autoridade de control principal que considere competente, a fin de que esta lle dea o curso oportuno. A Axencia notificará esta circunstancia a quen, se for o caso, formulase a reclamación.

O acordo polo que se resolva a remisión a que se refire o parágrafo anterior implicará o arquivamento provisional do procedemento, sen prexuízo de que a Axencia dite, en caso de que así proceda, a resolución a que se refire o número 8 do artigo 60 do Regulamento (UE) 2016/679.

#### Artigo 11. *Actuacións previas de investigación.*

1. Antes da adopción do acordo de inicio de procedemento, e unha vez admitida a trámite a reclamación, se a houber, a Axencia Española de Protección de Datos poderá levar a cabo actuacións previas de investigación a fin de lograr unha mellor determinación dos feitos e circunstancias que xustifican a tramitación do procedemento.

A Axencia Española de Protección de Datos actuará en todo caso cando sexa precisa a investigación de tratamentos que impliquen un tratamento masivo de datos persoais.

2. As actuacións previas de investigación someteranse ao disposto no capítulo I e non poderán ter unha duración superior a doce meses contados desde a data do acordo de admisión a trámite ou da data do acordo polo que se decida a súa iniciación, cando a Axencia actúe por propia iniciativa ou como consecuencia da comunicación que lle fose remitida pola autoridade de control doutro Estado membro da Unión Europea, conforme o artigo 8.3 deste real decreto lei.

Artigo 12. *Acordo de inicio do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

1. Concluídas, se for o caso, as actuacións a que se refire o artigo anterior, corresponderá ao director da Axencia Española de Protección de Datos, cando así proceda, ditar acordo de inicio de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, en que se concretarán os feitos, a identificación da persoa ou entidade contra a cal se dirixa o procedemento, a infracción que se puido cometer e a súa posible sanción.

2. Cando a Axencia Española de Protección de Datos teña a condición de autoridade de control principal e deba seguirse o procedemento previsto no artigo 60 do Regulamento (UE) 2016/679, o proxecto de acordo de inicio de procedemento sancionador someterase ao disposto nel.

Artigo 13. *Medidas provisionais*

1. Durante a realización das actuacións previas de investigación ou iniciado un procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, a Axencia Española de Protección de Datos poderá acordar motivadamente as medidas provisionais necesarias e proporcionadas para salvagardar o dereito fundamental á protección de datos e, en especial, as previstas no artigo 66.1 do Regulamento (UE) 2016/679, o bloqueo cautelar dos datos e a obrigação inmediata de atender o dereito solicitado.

2. Nos casos en que a Axencia Española de Protección de Datos considere que a continuación do tratamento dos datos de carácter persoal, a súa comunicación ou transferencia internacional comporta un menoscabo grave do dereito á protección de datos de carácter persoal, poderá ordenar aos responsables ou encargados dos tratamentos o bloqueo dos datos e a cesación do seu tratamento e, caso de estes incumpriren os ditos mandatos, proceder á súa inmovilización.

3. Cando se presentase ante a Axencia Española de Protección de Datos unha reclamación que se refira, entre outras cuestións, á falta de atención en prazo dos dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, a Axencia Española de Protección de Datos poderá acordar en calquera momento, mesmo con anterioridade á iniciación do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, mediante resolución motivada e logo de audiencia do responsable do tratamento, a obrigação de atender o dereito solicitado, e proseguindo o procedemento canto ao resto das cuestións obxecto da reclamación.

Artigo 14. *Procedemento en relación coas competencias atribuídas á Axencia Española de Protección de Datos por outras leis.*

O disposto neste capítulo será de aplicación aos procedementos que a Axencia Española de Protección de Datos teña que tramitar en exercicio das competencias que lle foren atribuídas por outras leis.

Disposición adicional primeira. *Representación española no Comité Europeo de Protección de Datos.*

A Axencia Española de Protección de Datos terá a condición de representante común das autoridades de protección de datos no Comité Europeo de Protección de Datos.

A Axencia Española de Protección de Datos informará as autoridades autonómicas de protección de datos acerca das decisións adoptadas no Comité Europeo de Protección de Datos e solicitará o seu parecer cando se trate de materias da súa competencia.

Disposición adicional segunda. *Publicación de resolucións da Axencia Española de Protección de Datos.*

A Axencia Española de Protección de Datos publicará as resolucións do seu director que declaren haber lugar ou non á atención dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22



do Regulamento (UE) 2016/679, as que poñan fin aos procedementos de reclamación, as que arquiven as actuacións previas de investigación, as que sancionen con apercibimento as entidades a que se refire o artigo 46 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as que impoñan medidas cautelares e as demais que dispoña o seu estatuto.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio dos procedementos.*

1. Os procedementos xa iniciados á entrada en vigor deste real decreto lei rexeranse pola normativa anterior, salvo que o réxime establecido nel conteña disposicións máis favorables para o interesado.

2. O disposto no número anterior será, así mesmo, de aplicación aos procedementos respecto dos cales xa se iniciasen as actuacións previas a que se refire a sección 2.<sup>a</sup> do capítulo III do título IX do Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

Disposición transitoria segunda. *Contratos de encargado do tratamento.*

Os contratos de encargado do tratamento subscritos con anterioridade ao 25 de maio de 2018 ao abeiro do disposto no artigo 12 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, manterán a súa vixencia até a data de vencemento sinalada neles e, en caso de térense pactado de forma indefinida, até o 25 de maio de 2022.

Durante estes prazos calquera das partes poderá exixir á outra a modificación do contrato a fin de que este resulte conforme o disposto no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/679.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no presente real decreto lei e, en particular, os seguintes artigos da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:

- a) O artigo 40.
- b) Os artigos 43 ao 49, con excepción do artigo 46.

Disposición derradeira única. *Vixencia.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e estarao até a vixencia da nova lexislación orgánica de protección de datos que teña por obxecto adaptar o ordenamento xurídico español ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e completar as súas disposicións.

Dado en Madrid o 27 de xullo de 2018.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN